

# RESUMO DE CONTIDOS

## As novas dámolas nós

Lingua Galega e Literatura

5º EP

### Índice

Os textos orais.....	2
Os textos escritos.....	2
Hiatos, vogais separadas.....	4
Sufixos, engadindo significado.....	4
O adxectivo.....	5
O grao superlativo.....	7

## Os textos orais

Sempre que te comuniques con outras persoas de maneira oral estarás empregando os textos orais. Están pensados para usarse nunha situación dun contexto real ante unha persoa ou persoas.

### Expositivos

Estes tipos de textos son aqueles que permiten explicar e comunicar a outras persoas datos, feitos ou coñecementos dun tema sen incluír unha opinión. A súa finalidade é dar información dalgún tema en concreto ao receptor, que é a persoa que escoita. Cando participamos nunha explicación na aula, vemos un documental ou cando estades a escoitar o parte estades a ser espectadores dun texto oral expositivo.

### Instrutivos

Son aqueles textos que dan a información concreta e específica que precisas para facer algo na túa vida cotiá. Estes textos non teñen que ser sempre escritos, cando unha persoa che dá instrucións para desenvolver unha actividade, cando preguntas como podes chegar a unha dirección ou ves un vídeo titorial estás a escoitar textos instrutivos.

### O Debate

Este tipo de texto oral é o que permite, empregando a exposición ou a argumentación, defender a opinión sobre un tema determinado e lograr convencer a outras persoas.

Por regra xeral, nun debate, existe dous grupos para debater, unha persoa moderadora e un público ao que dirixirse. O moderador é a persoa encargada de dar a palabra ás persoas que van a debater, controlar os tempos e manter a orde durante todo o debate.

**Recorda que:** na oralidade hai sempre un compoñente de improvisación. Isto pode pasar porque alguén che pregunta algo, te interrompe ou simplemente acontece algo inesperado que fai cambiar o teu discurso. Os textos orais son textos vivos.

## Os textos escritos

Son aqueles que se expresan ou se transmiten a través da escrita.

### Literarios

Os textos literarios son aqueles que teñen como finalidade entreter ao destinatario. Son unidireccionais, xa que o emisor transmite a información ao receptor sen unha interacción directa.

## As narracións

As narracións son os textos literarios que contan ou relatan unha serie de secuencias que realizan uns personaxes nun lugar e tempo determinado. En toda narración vas atopar a figura do **narrador** que cumpre coa figura do emisor.

Existen varios tipos ou subxéneros das cales destacan:

- **O conto:** son narracións breves, máis curtos ca unha novela. Teñen unha trama moi simple e por norma xeral teñen poucas personaxes. Exemplo: “O coelliño branco”
- **A novela:** son narracións máis longas que os contos. Teñen un tema principal pero sempre existen tramas que se van desenvolvendo ao longo da novela. Soen contar con varios personaxes, principais ou protagonistas e personaxes secundarios. Exemplo “[Conta nove estrelas](#)”
- **A fábula:** son narracións breves, onde se fai unha crítica de certos comportamentos. Remata cunha ensinanza en forma de consello. Os personaxes soen ser animais. Exemplo: “[Fábulas contadas](#)”

## O teatro

Este tipo de texto literario tamén se pode chamar xénero dramático. A súa finalidade é a da representación diante dun público. As obras teatrais están formadas por unha serie de diálogos ordenados para a posta en escena dos actores. Todo texto teatral conta cunha serie de características en común. Xeralmente non ten narrador. Pode contar con un ou varios personaxes. Pode estar escrito en prosa ou verso.

O teatro tamén está dividido en varias partes chamadas actos. Acostuma a ter acotacións que son pequenos textos nos laterais con aclaracións de diverso tipo: como debe estar un personaxe, aspetos relacionados coa escenografía entre outros. Exemplo: “[Planeta Bugallo](#)”

## A poesía

Este texto literario é a manifestación dos sentimentos, emocións ou reflexións da persoa que escribe. Xeralmente represéntase mediante versos formando poemas. A poesía busca a beleza dos textos mediante o uso de recursos como a métrica e a rima. Exemplo: “[As castro estacións](#)”. Ten as seguintes partes:

- **Os versos:** son as liñas dos poemas. Estes poden ter rima entre eles. Clasifícanse seguindo o número de sílabas que ten cada verso.
- **As estrofas:** son os conxuntos de versos que van seguidos dun punto e aparte ou un punto final. Estes versos deben lerse de maneira conxunta. Podemos clasificar os poemas en función dos versos que teña cada estrofa.

## Textos de opinión

Os textos de opinión son un tipo de texto escrito onde as persoas que o escriben mostran os seus puntos de vista acerca de un tema en concreto. Aparecen en medios de comunicación como son os xornais ou as revistas. Nestes medios reciben o nome de artigos de opinión.

Todos os textos de opinión empregan a argumentación para construírse. Desta maneira, a persoa autora defenderá as súas ideas acerca dun tema en concreto. Estes temas poden ser moi diversos: deporte, política ou mesmo a economía.

## Descritivos

Son aqueles que teñen como obxectivo principal comunicarlle ao receptor as calidades dunha persoa, paisaxe ou un animal entre outros moitos.

Para poder realizar un texto descritivo tense que seleccionar os trazos máis característicos do obxecto a describir. Este tipo de texto pode estar integrado ou formar parte de textos narrativos, poéticos ou nas acotacións teatrais entre outros.

Para poder realizar un texto descritivo e mostrar todas as calidades do obxecto a describir, hai que empregar unha categoría gramatical que permite mostrar todos os datos. Estas palabras son os adxectivos.

## Hiatos, vogais separadas

### Que son os hiatos?

Definimos hiato como o momento no cal dúas vogais van contiguas nunha palabra e estas forman parte de sílabas distintas.

Ditongos, dúas vogais se pronuncian nunha mesma sílaba. Recordemos que para iso tiña que cumprir un par de condicións: unha vogal aberta e unha pechada ou dúas pechadas onde a pechada sexa átona. Sempre que haxa dúas vogais xunta e non cumpran con estas condicións, serán considerados hiatos.

#### Tipos de vogais.

- Vogais abertas: son as vogais a, e, o.
- Vogais pechadas: son as vogais i, u.
- Sílaba tónica: sílaba que leva a forza na pronuncia nunha palabra

### Aparición do hiato

Podemos atopar hiatos nas palabras nas seguintes circunstancias:

- 1. Dúas vogais abertas seguidas:** cando nunha palabra nos encontramos con dúas vogais abertas consecutivas. Exemplos deste caso: real, poema, roedor entre outras moitas máis.
- 2. Vogal aberta xunto con outra pechada tónica:** o acento é algo que nos pode axudar a identificala. Nestes casos temos que ter tamén coidado coas normas de acentuación, pois cando isto pasa, hai que acentualas. Exemplos: oír, María, librería, baúl, paraíso.
- 3. Repetición da mesma vogal:** isto pode pasar en determinadas palabras ou nos cómic e en textos nos cales se transcribe o que di unha personaxe e alonga moito unha palabra.

Un exemplo disto podería ser cando unha persoa di que algo é moi alto, pero para remarcalo escribimos algo como “moooooooooooooi alto”.

Se no medio das dúas vogais hai un h, séguese considerando que é un hiato, pois non inflúe en nada. Exemplo bohemio.

## Sufixos, engadindo significado

### Que son?

Os sufixos son morfemas, fragmentos mínimos de significado, que se engaden ao final dun lexema e lle aporta a este un matiz de sentido ou unha maior información gramatical.

- **Lexema:** é a parte da palabra que non cambia nunca e esta é ademais o fragmento que lle da significado. O mecanismo para descubrir cal é o lexema dunha palabra sería buscar outras palabras relacionadas e ver cal é a parte que nunca cambia.

- **Morfema:** é a parte da palabra que pode estar ou non nela e que lle dá máis significado ao lexema, é dicir, a parte que non cambia.

**Os sufixos** son morfemas, ou partes dunha palabra que cambian e que lle dan significado, que se engaden despois do lexema, ou parte da palabra que nunca cambia, para engadirlle significado.

### Tipos de sufixos

**1. Sufixos flexivos:** son os que indican xénero, é dicir, que engaden ou cambian letras para diferenciar unha palabra cando pode ser masculina e feminina, por exemplo gato e gata. Tamén están os que indican número, normalmente engadindo -s ou -es para marcar que unha palabra é plural e non singular. No caso dos verbos os sufixos teñen un nome especial: desinencias. Estes sufixos nos verbos determinan tempo, número, persoa e modo.

**2. Sufixos apreciativos:** son aqueles sufixos que usamos para dicir que algo é moi grande tamén coñecidos como aumentativos, por exemplo cochazo, momentazo, balonazo; pero tamén os que indican tamaños máis pequeno ou diminutivos, por exemplo casiña, neniño, pratiño.

**3. Sufixos derivativos:** estes sufixos teñen a capacidade de xerar novas palabras a partir do lexema de orixe simplemente ao xuntalo con el. Isto pode verse de xeito moi claro co sufixo -eiro, -eira. Se temos a palabra libro e lle engadimos o sufixo -eira, teremos a unha persoa que vende libros, libreira. Ese sufixo serve tamén para indicar lugares, pois se temos unha avespa e lle engadimos -eiro, xa teremos o lugar onde viven as avespas, o avespeiro.

É este tipo de sufixos nos que nos centraremos.

## Algúns exemplos de sufixos

Vexamos agora unha pequena lista dalgúns dos sufixos máis habituais co seu significado.

- -al ou -ar: dous posible significados, ben que fai referencia á raíz ou que hai moito de algo. Exemplos: cultural, espectacular, diñeiral.
- -cidio ou -cida: que acaba coa vida de algo. Exemplos: homicida, funxicida, insecticida.
- -dor: fai referencia a xente, oficios ou ferramentas. Exemplos: domador, leñador.

## O adxectivo

Os adxectivos describen ou cualifican aos substantivos. Esta clase de palabras axuda a dar máis información sobre como é ou como está o substantivo ao que acompañan. Son palabras que empregamos xunto ao nome e sinalan as súas calidades ou determinan algo concreto del.

Exemplos:

- O gato rápido.

O adxectivo rápido describe a calidade do gato, indicando que é veloz.

- A mazá verde.

O adxectivo verde describe unha calidade da mazá, pero podería ser tamén vermella, amarela entre outros.

Esta clase de palabras poden dar información de distinta natureza: en canto a forma, cor, tamaño, temperatura, sabor, entre outros. Ademais tamén poden dar a percepción dun sitio, a valoración dunha idea, a personalidade ou a aparencia dalguén entre outras moitas calidades.

## Tipos de adxectivos

Poden ser de dous tipos: especificativos e explicativos.

**Os adxectivos especificativos** indican características que serven para recoñecer o substantivo porque permite distinguilo doutros elementos similares. Exemplo: O bolígrafo azul.

**Os adxectivos explicativos** indican características que son propias do substantivo. Tamén se lle chaman epítetos e son moi frecuentes na poesía. Exemplos: **Negra** noite, **vermello** sangue.

## Concordancia

Os adxectivos adoitan concordar en xénero (masculino ou feminino) e número (singular e plural) co substantivo ao que acompañan.

Por exemplo letras **maiúsculas**.

Por outro lado, existen adxectivos dunha soa terminación ou invariables, tanto para o masculino como o feminino. Un exemplo pode ser: **a roupa xuvenil** e **o traxe xuvenil**. Pero o número debe concordar co nome. Exemplo: os traxes **xuvenís**.

## Os graos do adxectivo

### O grao positivo

Estes adxectivos amosan unha calidade do nome tal como é, sen gradación algunha.

Por exemplo, nas oracións **O coche rápido** ou **A nena amable**.

### O grao comparativo

Estes adxectivos indican tres tipos de comparación: de superioridade, de igualdade e de inferioridade.

Por exemplo as oracións **o meu can é máis rápido que o teu gato** ou **a nosa casa é igual de alta que a túa**.

Fórmase do seguinte xeito:

- **Superioridade:** máis (adxectivo) ca ou do que\_\_\_\_\_. Exemplo: **Máis** rápido **do que** supoñía.
- **Igualdade:** tan ou tanto (adxectivo) coma ou como\_\_\_\_\_. Exemplo: **Tan** alto **coma** ti.
- **Inferioridade:** menos (adxectivo) ca ou do que\_\_\_\_\_. Exemplo: É **menos** agarimoso **ca** ti.

### O grao superlativo

Poden ser:

- **Absoluto:** expresa unha calidade no seu grao máis alto pero non se establece ningún tipo de comparación con outras persoas, animais ou cousas.
  - Fórmase de diversas formas:
    - Uso de moi, ben bastante entre outros. Exemplo: Éche **moi** rico.
    - Repetindo o adxectivo. Exemplo: Este pan é **bo bo**.
    - Con sufixos -ísimo ou -ísima. Exemplo: Esa rapaza é listísima.
    - Con prefixos super- hiper-. Exemplo: Este alumnado é **super**traballador.
- **Relativo:** expresa o grao máis alto pero en comparación cun grupo de outras persoas, animais ou cousas.
  - Fórmase do seguinte xeito: **artigo** \_\_\_\_\_ **máis** ou **menos adxectivo en grao positivo de** ou **entre** \_\_\_\_\_.

- Exemplos:
  - É **o** rapaz **máis alto de** todos.
  - É **a** revista **menos** bonita **entre** todas as do quiosco.

En ocasións expresamos os graos do adxectivo con diferentes palabras.

Exemplos:

- Bo (grao positivo) mellor (grao comparativo) óptimo (grao superlativo)
- Malo (grao positivo), peor (grao comparativo) e pésimo (grao superlativo).



“Resumo de contidos: As novas dámolas nós”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)